

## O FINANCIAMENTO DA EMPRESA

Para poder desenvolver as súas actividades unha empresa necesita máquinas, mobiliario, etc. E para mantelas en bo estado necesita investir. Investir é aplicar medios financeiros na compra, mellora ou renovación dos elementos do inmovilizado.

Os medios financeiros son a financiación que necesita unha empresa para poder realizar os séus investimentos.

No momento en que a empresa decide levar a cabo un investimento debe considerar a fonte de recursos que lle permita financiar o investimento. Podemos diferenciar 2 tipos de financiamento:

- Interna ou autofinanciamento
- Externa

### **Financiamento Interno ou autofinanciamento**

É o sistema máis utilizado polas PEMES por ser a forma máis barata, segura e, nalgúns ocasións, a única para poder financiarse. Consiste en que a empresa se financia a si mesma.

Resulta dos beneficios non distribuídos e que se obteñen na empresa. Son os fondos que xera a empresa e se destinan a incrementar ou manter a súa actividade. A orixe é:

- Resultado do exercicio: a empresa obtén beneficios e non os reparte senón que os inviste na propia empresa en forma de reservas.
- Amortizacións: son as dotacións que realiza a empresa pola perda de valor que sofre o inmovilizado, e que a empresa anota como gasto.
- Provisións: compensación de posibles perdas ou gastos durante o exercicio.

### **Financiamento externo**

Son recursos dos que se nutre a empresa non xerados directamente por ela. Consiste en recorrer a capitais alleos á propia empresa.

As desvantaxes cos que se atopa unha PEME á hora de recorrer ao financiamento allea son as seguintes:

- 1- Custes do crédito bancario
- 2- Altas garantías esixidas
- 3- Descoñecemento da oferta de produtos financeiros
- 4- Debilidade na negociación bancaria, etc.

O financiamento alleo ven recollido en 2 grandes capítulos:

1. Débeda: diñeiro prestado e que será devolvido xunto cos xuros nun prazo determinado.
2. Capital: diñeiro aportado por socios/as e que será remunerado anualmente sobre a base dos beneficios obtidos (en forma de dividendos).

Ademais se distinguen 2 modalidades de recursos:

- Recursos externos propios: son as achegas de capital das/os propietarias/os, a través das ampliacións de capital.
- Recursos externos alleos: son as achegas de terceiros distintos das/os propietarias/os da empresa.

Poden vir do:

- 5- Sector privado: de entidades financeiras, entidades de crédito, de Sociedades de Garantía Recíproca, de Sociedades de Capital Risco.
- 6- Sector público: das Administracións Públicas, das Entidades financeiras públicas.

## **FÓRMULAS DE FINANCIAMENTO**

Podemos encadrar as diversas fórmulas de financiamento, distinguindo:

### **Financiamento a curto prazo**

### **Financiamento a medio e longo prazo**

(Aclaracións previas:

Diferenza entre Préstamo e crédito

Préstamo: é unha contía monetaria recibida por un cliente a cambio da devolución deste e os xuros nunha forma e períodos fixados no contrato. No préstamo páganse xuros polo total dos cartos que a entidade financeira pon a disposición da clientela,

aínda que non o use e quede no banco. Non pode ser renovado automaticamente e si as partes queren continuar a relación é necesario cancelalo e abrir outro idéntico.

Crédito: é a disposición duns fondos pola/o clienta/e durante un prazo determinado e no que só se pagan xuros polo capital disposto. Pode ser renovado automaticamente co acordo das partes.

Diferenza entre operacións de préstamos e de crédito en conta corrente

A diferenza esencial estriba en que no préstamo a entrega do diñeiro é simultaneamente á firma do contrato, en tanto que nas operacións de crédito o que se recoñece polo prestamista é un compromiso de entrega de diñeiro ata un límite máximo mediante a disposición por parte da persoa prestataria na conta corrente aberta ó efecto.)

### **Financiamento a curto prazo**

Cando a operación é inferior a un ano. Podemos enumerar as seguintes:

- **Crédito comercial**

É o crédito que os provedores conceden a empresa polo pago aprazado das súas compras.

- **Desconto bancario**

Consiste na anticipación do valor dos créditos por parte do banco en base a unha letra que aínda non venceu, pagando por esa anticipación uns xuros.

Tipos de desconto:

- Desconto ó tirón: descóntase o xuro por anticipado
- Desconto financeiro
- Desconto con conta de compensación: se non se vai utilizar a contía ó descontar o efecto poderíase abrir unha conta corrente de compensación de intereses ó formalizar a letra, colocándose os cartos na póliza de crédito e así eses cartos estaríanse remunerando.
- Desconto de certificacións: realízase en contratos de obras ou subministro públicos.

- **Anticipos sobre documentos**

Son créditos con garantía real de letras ou outros efectos, mercadorías, operacións a prazo. É o caso de que a cancelación da débeda non teña unha data previamente determinada.

- **Descuberto en conta**

É un crédito con garantía persoal que se concede sen mediar ningún documento, pois a garantía e o simple coñecemento da persoa da/o cliente que aporta a seguridade de que nun prazo inmediato respostará.

- **A póliza de crédito**

Ábrese unha conta na que o banco pon a disposición da/o cliente determinada cantidade de cartos en concepto de crédito. Formalízase mediante un contrato baixo un documento chamado póliza de crédito. No contrato figura un límite do crédito, podendo o/a cliente dispor das cantidades que necesite ata dito límite, por enriba do cal, aplicaranse uns xuros tan elevados como se fose un descuberto en conta. No contrato tamén se indica a data de vencemento a partir do cal ou se devolven os cartos ou se renova a póliza.

- **A póliza de crédito a vista**


- **Crédito documentario**

Utilizado nas operacións de comercio exterior a través do cal o/a debedor/a (importador) entrega a un banco os documentos de débeda co fin de que este aboe ós provedores (exportador) a débeda contraída polo/a cliente.

- **O factoring**

É unha forma de financiamento a curto prazo pola cal unha empresa cede as súas facturas a empresa factor, a cal recibirá unha comisión polo cobro das mesmas.

Os axentes que interveñen nunha operación de factoring son:



Outros servizos adicionais que pode ofrecer a empresa factor son:


1. cobertura de riscos
2. financiamento
3. administración da carteira de clientela

Clases de factoring:

1. Factoring con recurso: o factor faise cargo da xestión de cobro pero non se responsabiliza dos posibles falidos.
2. Factoring sen recurso: o factor asume o risco de impagamento dos debedores quedando libre a clientela deste risco desde o momento que cede os seus créditos comerciais ó factor.

### - O confirming

É a xestión dos pagos a provedores. O banco xestiona os pagos do/a comprador/a e o posible financiamento ó provedor o cal pode obter un anticipo do importe das facturas antes de que venzan.



Actualmente algunhas entidades financeiras ofrecen a posibilidade de contratar o servizo de confirming por Internet.

### - Pagarás

Documento polo que unha persoa (emisor/a) obrígase a pagar a outra (beneficiaria) certa cantidade de cartos nunha data determinada no documento.

Tipos de pagará: seriados ou a medida.

### - Hipoteca e tipos

É un contrato polo cal un/unha debedor/a ou un terceiro afectan bens inmobles ou dereitos reais sobre estes en garantía do cumprimento dunha obriga principal, de forma que, vencida esta e non satisfeita, poda facerse efectiva sobre o prezo de venda daquel ben.

Tipos de hipoteca:

A. Inmobiliaria: só poderá ser obxecto de hipoteca bens inmóbeles e dereitos enaxenables sobre bens inmóbeles. Necesaria a inscrición do documento no Rexistro da Propiedade.

B. Mobiliaria: como establecementos mercantís, automóviles, aeronaves, propiedade industrial, etc. Requisitos: escritura pública e inscrición en rexistro especial.

### - **Prenda**

Contrato polo cal un/a debedor/a ou un terceiro afectan especialmente unha cousa móble ó pago dunha débeda, cás mesmas consecuencias ca unha hipoteca no caso de vencer e non ser satisfeita.

O requisito é poñer en posesión do/a acredor/a ou un terceiro de común acordo a prenda. Este non poderá usala sen autorización da/o dona/o e si o fixera, o/a dono/a pode pedir que se lla de en depósito.

#### **Tipos de prenda:**

A. Sen desprazamento: a cousa queda en posesión do/a dono/a. Inscibirase en rexistro. Non poderá vendela nin trasladala do lugar onde se atope.

B. Con desprazamento

### **Financiamento a medio e longo prazo**

Cando a duración da operación é aproximadamente entre 1 e 5 anos.

Enumeramos as seguintes:

- **O forfaiting**

É unha operación a medio prazo pola cal, a cambio dunha comisión ou dun desconto sobre o importe vendido, se financia unha operación de exportación en divisas sen risco algún para o/a exportador/a, xa que é o banco o que asume o risco de impagamento. Ten o inconveniente dos controis administrativos que esixen en moitos países.

- **O leasing**

Operación financeira a medio e longo prazo, que ten como base un contrato de aluguer. Consiste en que a persoa física ou xurídica propietaria dun ben cede os dereitos de uso a outra, tomando en contrapartida unhas prestacións e obrígase a ceder unha opción de compra.

Faise un contrato de arrendamento no que se fixan:

4. rendas a pagar
5. valor da opción de compra ó final do arrendamento
6. rematado o tempo do contrato o arrendatario ten 3 alternativas: devolvela máquina, exercita-la opción de compra ou firmar un novo contrato con outras condicións.

**As vantaxes do leasing son:**

- os pagos serven para obtela propiedade do ben
- obter financiamento
- utilizar bens que se axustan as necesidades da empresa.

**Clases de leasing.**

7. **Leasing operativo:** aquel na que a empresa que fabrica o ben é provedora del e cédeo a cambio dunha cota durante un tempo.
8. **Leasing financeiro:** é un contrato irrevogable asumindo o arrendatario o risco de obsolescencia, mantemento e conservación do ben.
9. **Leasing mobiliario**
10. **Leasing inmobiliario** (excepto vivendas)
11. **Lease-back:** unha empresa propietaria dun ben véndeo a compañía de leasing a vez que firma un contrato de arrendamento do ben co fin de seguir utilizando (cede a propiedade non o uso).

- **O renting**

É un produto non financeiro que consiste en alugar a longo prazo activo fixo, xeralmente vehículos. Finalizado o contrato a sociedade propietaria recupera o equipo.

A persoa que arrenda paga unha cota mensual fixa por un tempo determinado que inclúe servizos de reparacións, mantemento e seguros. O renting ten menor custe que o leasing. Non existe opción de compra.

- **Sociedades de Garantía Recíproca (SGR)**

Son sociedades constituídas por PEMES cuxa función é conceder avais que permitan a estas acceder ó financiamento bancario e obter créditos en mellores condicións que as que conseguirían no mercado acudindo a título individual.



Tamén prestan servizos de asistencia e asesoramento financeiro, dando a coñecer os instrumentos financeiros que mellor se adaptan as súas necesidades e aconsellando sobre o proxecto de investimento que van realizar.

Son consideradas entidades financeiras e como tales teñen que inscribirse nun rexistro oficial e están supervisadas e controladas polo Banco de España. En Galicia temos como exemplos AFIGAL (Afianzamentos de Galicia Sociedade de Garantía Recíproca) e SOGARPO.

**Capital social e aportación de socios/as:** Para a súa constitución son necesarios 150 socios/os. O capital social mínimo é de 1.803.036, 31 €. Desembolsados totalmente.

**Órganos de goberno:** Son a Xunta Xeral e o Consello de Administración

**Beneficios fiscais:** están exentos do ITPAJD na formalización dos avais. O tipo de gravame para o imposto de sociedades é do 25%. As subvencións que reciban están exentas do Imposto de Sociedades. As dotacións que faga ó fondo de previsións técnicas é deducible no IS.

**Custo do aval:** para conseguir un aval a/o empresaria/o debe desembolsar: cotas sociais que debe subscribir (son recuperables), comisión por aval, comisión por estudio.

**Fondo de previsións técnicas:** as SGR teñen a obriga de constituír un fondo que forme parte do seu patrimonio e que serve para reforzala solvencia da sociedade. A súa procedencia pode ser con cargo a perdas e ganancias, subvencións, doazóns, outras.

**Refianzamento:** sistema utilizado polas Administracións Públicas para soste e apoiar financeiramente as PEMES. Consiste en repartir entre a SGR e a Administración o risco que supoñen os falidos das PEMES avaladas e apoiar o sistema de garantía recíproca ó asumir o risco asumido por elas.

**Pasos a seguir para beneficiarse dunha SGR:** a condición é que o proxecto sexa viable e que se desenvolva dentro da CCAA na que este establecida a SGR.

1. Solicitar ser admitido como socio/a
2. Subscribirla cota social
3. Solicitar aval

4. Información sobre a empresa e documentación
5. Preestudo por parte da SGR
6. Se resulta aprobado contactar co banco ofrecendo o aval da SGR
7. Pago a SGR da comisión do aval
8. Amortizado o crédito solicitar reembolso das cotas sociais

- **Sociedades de capital risco**

É unha actividade financeira que trata de proporcionar recursos a empresas “de risco” (que están en dificultades para obter outro tipo de financiamento) a medio e longo prazo e sen vocación de permanencia ilimitada.

Participa nas empresas ofrecendo apoio xerencial e asesoramento empresarial. Os inversores son tanto públicos como privados. Destacan en Galicia: Sodiga, Inesga, etc.

**Formas:**

- Sociedades de capital risco
- Fondos de capital risco: son patrimonios xestionados por unha entidade xestora.

- **Outros**

Operacións swaps: contrato polo cal dúas persoas se comprometen a intercambiar unha serie de fluxos de cartos nunha data futura.

Préstamos bancarios: contrato polo cal unha persoa ou entidade (prestameiro), recibe doutra (prestamista) unha determinada cantidade de cartos coa condición de devolvela no prazo e condicións establecidos.

Operacións forward: contrato a prazo, cuxa liquidación difírese ata unha data posterior estipulada no mesmo.